

ACTA NÚMERO: 10/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 16 DE MARZO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 16 de marzo de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Gregorio Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día, 9 de marzo de 2023 (Reunión 9/2023).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Treixadura Gaiteiros para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Treixadura para Musigal 2023. (Expte.- 2023010141).
3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Ozono, Horizonte Musical, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Sés para Musigal 2023. (Expte.- 2023010146).
4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)". (Expte.- 2022049078).
5. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra (Expte.- 2022070144).
6. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra (Expte.- 2022070144).
7. Aprobación de valoracións acadadas no sobre "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que precisan un xuízo de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza do programa Depoaventura 2023. (Expte.- 2022070076).
8. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza do programa Depoaventura 2023. (Expte.- 2022070076).
9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021063172).
10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021063172).



Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular e D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día, 9 de marzo de 2023 (Reunión 9/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 9 de marzo de 2023 (Reunión 9/2023).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Treixadura Gaiteros para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Treixadura para Musigal 2023. (Expte.- 2023010141).

Por Resolución Presidencial número 2023001890 de data 08/03/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Treixadura con cargo ao Programa “Musigal 2023”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á Asociación Cultural Treixadura Gaiteros (G36393635) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 09/03/2023.

A Asociación Cultural Treixadura Gaiteros (G36393635) presentou a proposición con data 13/03/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	28.500,00 €
IVE (21 %)	5.985,00 €
Importe ofertado con IVE	34.485,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Asociación Cultural Treixadura Gaiteros (G36393635) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Treixadura con cargo ao Programa Musigal 2023.

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Ozono, Horizonte Musical, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Sés para Musigal 2023. (Expte.- 2023010146).

Por Resolución Presidencial número 2023001899 de data 08/03/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Sés con cargo ao Programa "Musigal 2023".

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Ozono, Horizonte Musical, S.L. (B94194099) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 09/03/2023.

A empresa Ozono, Horizonte Musical, S.L. (B94194099) presentou a proposición con data 13/03/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	30.000,00 €
IVE (21 %)	6.300,00 €
Importe ofertado con IVE	36.300,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Ozono, Horizonte Musical, S.L. (B94194099) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Sés con cargo ao Programa Musigal 2023.

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)". (Expte.- 2022049078).



O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 24/01/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30/01/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 23/02/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A..

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalliaran e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 27/02/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,00	3,00	19,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	3,00	17,00
NAROM, S.L.	14,00	3,00	17,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	14,00	3,00	17,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	12,00	1,00	13,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18,00	3,00	21,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 02/03/2023 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 27/02/2023, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Na mesma sesión a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	218.932,23 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	219.603,31 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	230.039,67 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	231.404,96 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	212.753,72 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	214.882,65 €	3%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	209.467,77 €	3%	36 MESES	SI	NO
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	211.758,68 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoña para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., presentou xustificación da súa oferta (REXWEB2023015845) dando traslado da mesma ós Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas, para que emitiran o preceptivo informe.

En informe que consta no expediente emitido polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV) 6GRKSH1NO86GTS6Y , recóllese que a xustificación presentada pola empresa NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	39,06	5,00	5,00	5,00	54,06
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	37,10	5,00	5,00	5,00	52,10
NAROM, S.L.	4,30	5,00	5,00	5,00	19,30
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	57,10	5,00	5,00	5,00	72,10



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	50,88	5,00	5,00	5,00	65,88
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	60,00	5,00	5,00	5,00	75,00

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	21,00	75,00	96,00
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	21,00	72,10	93,10
3	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	17,00	65,88	82,88
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	19,00	54,06	73,06
5	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	17,00	52,10	69,10
6	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	15,00	40,00
7	NAROM, S.L.	17,00	19,30	36,30

- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)" á empresa PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado211.758,68 €
 IVE (21%)44.469,32 €
 Importe Total 256.228,00 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4171) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 10.587,93€

5. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra (Expte.- 2022070144).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 24 de xaneiro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración,



implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse a Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (DOUE) con data 24 de xaneiro de 2023 (Anuncio 2023/S 020-053787) e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de xaneiro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de marzo de 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. (A-81608077).

A Mesa de Contratación na reunión do día 2 de marzo de 2023 tamén procedeu a efectuar a apertura e descarga da documentación do sobre “B” correspondente ós criterios avaliados mediante xuízos de valor, presentada pola única empresa admitida ó procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acordou trasladar a documentación descargada dos sobres “B”, ós técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, para que avaliasen e ponderasen a proposta técnica, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías e a Viceinterventora con data 10/03/2023, emiten informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada pola empresa T SYSTEMS ITC IBERIA (A-81608077) co seguinte resultado:

CRITERIO	Máximo	T-System
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN CONTABLE	16	11,05
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN PATRIMONIAL	5,00	4,00
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN DE CONTABILIDAD ANALÍTICA	2,00	1,30
ADECUACIÓN DE LA PLANIFICACIÓN DE LAS TAREAS A REALIZAR	2,00	2,00
DISEÑO Y METODOLOGÍA DE LA IMPLANTACIÓN DEL MÓDULO DE CONTABILIDAD ANALÍTICA CON ESPECIAL REFERENCIA A LA FASE DE DISEÑO E ASESORÍA Y VALORACIÓN DE CARÁCTER PARTICIPATIVO DEL PROCEDIMIENTO, SINGULARIDAD Y ADAPTACIÓN A LAS ESPECIFICIDADES DE LA ENTIDAD.	2,00	2,00
DESCRIPCIÓN DEL EQUIPO DE TRABAJO PREVISTO PARA LA IMPLANTACIÓN DEL PROYECTO. IDENTIFICACIÓN DE LOS ROLES Y RESPONSABILIDADES DEL EQUIPO PROPUESTO.	2,00	1,80



PROPUESTA DEL PLAN DE SEGUIMIENTO Y CALIDAD	2,00	1,50
PLAN DE MIGRACIÓN DE DATOS	2,00	2,00
PLAN DE GESTIÓN DEL CAMBIO Y PUESTA EN MARCHA DEFINITIVA	2,00	2,00
ADECUACIÓN DEL PLAN DE ACCIÓN FORMATIVO CON ESPECIAL REFERENCIA A LA DURACIÓN, DIFERENCIACIÓN DE LAS EDICIONES EN FUNCIÓN DEL TIPO DE USUARIOS Y EL ENFOQUE PRÁCTICO.	2,00	2,00
ENTREGA DE MANUALES O MATERIA DE APOYO, CON ESPECIAL REFERENCIA A LA ELABORACIÓN DE UN REPOSITORIO DE VÍDEOS O TUTORIALES DE DISPOSICIÓN PERMANENTE Y ACTUALIZABLES, SERVICIO DE ATENCIÓN DIRECTA DE RESOLUCIÓN DE CONSULTAS VÍA E-MAIL Y/O TELEFÓNICO, ASÍ COMO AL TIEMPO DE RESPUESTA OFERTADO	3,00	2,50
CARACTERÍSTICAS DEL EQUIPO DE FORMACIÓN, EN ATENCIÓN A CRITERIOS DE TITULACIÓN, EXPERIENCIA PRÁCTICA Y FORMACIÓN.	1,50	1,50
GRADO DE CONECTIVIDAD E INTEGRACIÓN ENTRE LOS SISTEMAS OFERTADOS Y LOS IMPLEMENTADOS EN LA DIPUTACIÓN (CIVIDAS, GESTIONA, SIT-GTT, NÓMINAS, ...)	4,00	4,00
GRADO DE INTEGRACIÓN Y AUTOMATIZACIÓN ENTRE LOS SISTEMAS OFERTADOS Y LAS PLATAFORMAS DE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO Y EL TRIBUNAL / CONSEJO DE CUENTAS	3,00	3,00
TOTAL	48,50	40,65

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías e da Viceinterventora de data 10 de marzo de 2023 (CSV 6609J0KM45Z1ZJGP), acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas pola empresa T-Systems ITC Iberia SAU, que obtén unha puntuación de 40,65 puntos, suficientes para alcanzar o mínimo de 24,25 exisido no prego de cláusulas administrativas para poder continuar no proceso de licitación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financieiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra.

6. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financieiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra (Expte.- 2022070144).

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre "B" pola empresa admitida ao procedemento aberto para a contratación da *subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financieiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra*, sendo estas as seguintes:

CRITERIO	T-System
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN CONTABLE	11,05
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN PATRIMONIAL	4,00
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN DE CONTABILIDAD ANALÍTICA	1,30
ADECUACIÓN DE LA PLANIFICACIÓN DE LAS TAREAS A REALIZAR	2,00



DISEÑO Y METODOLOGÍA DE LA IMPLANTACIÓN DEL MÓDULO DE CONTABILIDAD ANALÍTICA CON ESPECIAL REFERENCIA A LA FASE DE DISEÑO E ASESORÍA Y VALORACIÓN DE CARÁCTER PARTICIPATIVO DEL PROCEDIMIENTO, SINGULARIDAD Y ADAPTACIÓN A LAS ESPECIFICIDADES DE LA ENTIDAD.	2,00
DESCRIPCIÓN DEL EQUIPO DE TRABAJO PREVISTO PARA LA IMPLANTACIÓN DEL PROYECTO. IDENTIFICACIÓN DE LOS ROLES Y RESPONSABILIDADES DEL EQUIPO PROPUESTO.	1,80
PROPUESTA DEL PLAN DE SEGUIMIENTO Y CALIDAD	1,50
PLAN DE MIGRACIÓN DE DATOS	2,00
PLAN DE GESTIÓN DEL CAMBIO Y PUESTA EN MARCHA DEFINITIVA	2,00
ADECUACIÓN DEL PLAN DE ACCIÓN FORMATIVO CON ESPECIAL REFERENCIA A LA DURACIÓN, DIFERENCIACIÓN DE LAS EDICIONES EN FUNCIÓN DEL TIPO DE USUARIOS Y EL ENFOQUE PRÁCTICO.	2,00
ENTREGA DE MANUALES O MATERIA DE APOYO, CON ESPECIAL REFERENCIA A LA ELABORACIÓN DE UN REPOSITORIO DE VÍDEOS O TUTORIALES DE DISPOSICIÓN PERMANENTE Y ACTUALIZABLES, SERVICIO DE ATENCIÓN DIRECTA DE RESOLUCIÓN DE CONSULTAS VÍA E-MAIL Y/O TELEFÓNICO, ASÍ COMO AL TIEMPO DE RESPUESTA OFERTADO	2,50
CARACTERÍSTICAS DEL EQUIPO DE FORMACIÓN, EN ATENCIÓN A CRITERIOS DE TITULACIÓN, EXPERIENCIA PRÁCTICA Y FORMACIÓN.	1,50
GRADO DE CONECTIVIDAD E INTEGRACIÓN ENTRE LOS SISTEMAS OFERTADOS Y LOS IMPLEMENTADOS EN LA DIPUTACIÓN (CIVIDAS, GESTIONA, SIT-GTT, NÓMINAS, ...)	4,00
GRADO DE INTEGRACIÓN Y AUTOMATIZACIÓN ENTRE LOS SISTEMAS OFERTADOS Y LAS PLATAFORMAS DE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO Y EL TRIBUNAL / CONSEJO DE CUENTAS	3,00
TOTAL	40,65

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada no sobre "C" da citada empresa ao acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

O valores ofertados no sobre "C" foron os seguintes:

T SYSTEMS ITC IBERIA (A-81608077)

1.- Precio ofertado

1.1.- Precio ofertado correspondiente al suministro e implantación:

Importe sin I.V.A.: 445.022,93 €
 I.V.A 21% : 93.454,82 €
 Importe total ofertado: 538.477,75 €



1.2 Precio ofertado mensual correspondiente al servicio de mantenimiento:

Importe sin I.V.A.:	3.300,00 € /mes
I.V.A 21%	693,00 € /mes
Importe total ofertado:	3.993,00 € /mes

2. Mejoras referidas a servicios de asesoramiento y asistencia técnico contable

2.1. Servicio de asesoramiento y asistencia técnico contable para la realización de las operaciones de cierre y apertura de ejercicios contables, traspaso de operaciones, regularización de saldos, operaciones de fin del ejercicio y resolución de incidencias.

2.1.1.– Oferta del Servicio

La empresa oferta el servicio de Asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de las operaciones de cierre y apertura de los ejercicios contables, traspaso de operaciones, regularización de saldos, operaciones de fin de ejercicio y resolución de incidencias.	SI <input checked="" type="checkbox"/>
	NO <input type="checkbox"/>

2.1.2.Experiencia de personal propuesto para la prestación del servicio.

Relación de los trabajos realizados por la persona propuesta para la prestación del servicio de asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de los cierres y aperturas de los ejercicios contables.

Consultor propuesto: Esteve Pujols Rovira

1	Ayuntamiento de Tarragona	2022
2	Ayuntamiento de Terrassa	2019
3	Ayuntamiento de Badalona	2021
4	Ayuntamiento de Mataró	2020
5	Ayuntamiento de Gijón	2013
6	Ayuntamiento de Castelldefels	2015
7	Ayuntamiento de Granollers	2018
8	Cabildo de Gran Canaria	2017
9	Ayuntamiento de Badalona	2016
10	Ayuntamiento de Mataró	2014

Servicio de asesoramiento y asistencia técnico – contable para la realización de los trabajos previos a la formación y liquidación de la Cuenta General.



2.2.1.- Oferta del Servicio

La empresa oferta el servicio de Asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de los trabajos previos y la formación de la liquidación de la Cuenta General.	SI <input checked="" type="checkbox"/>
	NO <input type="checkbox"/>

2.2. 2.- Experiencia de la persona propuesta para la prestación del servicio:

Relación de los trabajos realizados por la persona propuesta para la prestación del servicio de asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de los trabajos previos y de formación y liquidación de la Cuenta General.

Consultor propuesto: Carlos Gómez Clemente

1	Ayuntamiento de San Cristóbal de La Laguna	2018
2	Ayuntamiento de Benalmádena	2019
3	Ciudad Autónoma de Melilla	2022
4	Ayuntamiento de Torremolinos	2021
5	Diputación de Burgos	2020
6	Ayuntamiento de Molina de Segura	2016
7	Diputación de Castellón	2017
8	Ayuntamiento de Motril	2013
9	Ayuntamiento de Alcalá de Guadaíra	2015
10	Ciudad Autónoma de Ceuta	2014

2.2 Servicio de asesoramiento y asistencia técnico-contable en rendición de cuentas:

2.3.1.Oferta del Servicio

La empresa oferta el servicio de Asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de los trabajos de rendición de cuentas.	SI <input checked="" type="checkbox"/>
	NO <input type="checkbox"/>

2.3.2.Experiencia del personal propuesto para la prestación del servicio:

Relación de los trabajos realizados por la persona propuesta para la prestación del servicio de asesoramiento y asistencia técnico-contable en la rendición de cuentas.



Consultor proposto: Jose Carlos Román Losada

1	Ayuntamiento de Vigo	2022
2	Ayuntamiento de Vigo	2021
3	Ayuntamiento de Pontevedra	2020
4	Ayuntamiento de Ourense	2019
5	Diputación de Segovia	2018
6	Ayuntamiento de Lugo	2017
7	Ayuntamiento de Vigo	2016
8	Ayuntamiento de Pontevedra	2015
9	Ayuntamiento de Lugo	2014
10	Diputación de Ourense	2013

3. Mejoras referidas a la bolsa de horas para procesos evolutivos.

Nº de horas anuales ofertadas por la empresa para los desarrollos evolutivos solicitados por la Diputación de Pontevedra que no supongan un requisito legal.	400 horas
--	-----------

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

7. Aprobación de valoracións acadadas no sobre “B” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que precisan un xuízo de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza do programa Depoaventura 2023. (Expte.- 2022070076).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 17 de febreiro do 2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de febreiro do 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.



A Mesa de Contratación, na reunión do día 9 de marzo do 2023, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, da única empresa presentada e admitida, e que é a seguinte: Osventos Innovación en Servizos S.L. (CIF: B70493275)

Na reunión do día 9 de marzo do 2023, tamén se procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliada mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do servizo de Cohesión Social e Xuventude para a súa valoración.

A Xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude, Dona Begoña Estévez Bernárdez, con data 10 de marzo do 2023, emite informe (CSV: 1KLZIWVG1HTNZN7Z), no que detalla unha serie de incumprimentos na oferta técnica presentada pola empresa Osventos Innovación en Servizos S.L., á que lle outorga unha puntuación total de 13 puntos, conforme ao seguinte detalle:

	Osventos Innovación en Servizos S.L. (CIF: B70493275
SOBRE B	
1.-Calidade dos produtos precisos para a elaboración dos menús, ata un máximo de 30 puntos. Valorarase a calidade dos produtos precisos para a elaboración dos menús adecuados as persoas participantes de acordo cos seguintes subcriterios:	9,00
a) Oferta de produtos frescos en relación cos conxelados e/ou precociñados así como a elaboración de pratos na propia instalación como croquetas, empanadas, pizzas, patatas fritas, bizcoitos, etc. , ata un máximo de 10 puntos	4,00
b) A oferta de produtos que conteñan unha denominación de orixe e/ou contén con algún selo de calidade certificado, ata un máximo de 10 puntos	2,00
c) Oferta de froitas e verduras de tempada, ata un máximo de 5 puntos.	3,00
d) Oferta de produtos cárnicos, ovos, leite, derivados lácteos que contén con certificación acreditada (selo Welfair de benestar animal ou equivalente), ata un máximo de 5 puntos.	0,00
2.- Plan de control e avaliación continuada da calidade do servizo, ata un máximo de 10 puntos.	2,00
3.- Organización dos medios persoais, ata un máximo de 3 puntos.	2,00
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 45 puntos)	13,00

No mesmo informe propón a exclusión da empresa á Mesa de Contratación por incumprir o prego de prescricións técnicas e por non acadar a puntuación mínima esixida de 21,5 puntos para o sobre B (cláusula 9. 1 do prego administrativo).

A Mesa de Contratación acorda:



Prestar conformidade ao informe de valoración do servizo de Cohesión Social e Xuventude (CSV: 1KLZIWVG1HTNZN7Z), e, en base ao mesmo, propor ao órgano de contratación a exclusión da única empresa presentada e admitida, Osventos Innovación en Servizos S.L. e a declaración do procedemento deserto, por non presentarse ningunha empresa en tempo e forma que cumpra coas esixencias da contratación.

8. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza do programa Depoaventura 2023. (Expte.- 2022070076).

O Presidente decide retirar o asunto da orde do día debido a que a Mesa de Contratación no punto anterior acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da única empresa presentada e admitida, Osventos Innovación en Servizos S.L., así como que se declare deserto o procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza do programa Depoaventura 2023.

9. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021063172).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do 10 de febreiro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun Acordo Marco para a “Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato foi enviado para a súa publicación no DOUE o día 10 de febreiro de 2023, aparecendo publicado o día 15 de febreiro de 2023 (Anuncio 2023/S033-095830). Tamén se publicou no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de febreiro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste acordo marco.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

CIF	Empresa	Lotes aos que se presenta
A28278026	STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U.	1

Con respecto aos lotes números 2 e 3 a Mesa de Contratación comproba que non se presentou ningunha oferta para optar á adxudicación dos contratos destes lotes.

10. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021063172).

A Mesa de Contratación na reunión do día 16 de marzo de 2023 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida ao lote número 1, a seguinte:

CIF	Empresa	Lotes aos que se presenta
A28278026	STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U.	1

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco para a subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra.



Os valores ofertados foron os seguintes:

EMPRESA: STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U.

LOTE NÚMERO 1

1. Prezo unitario mensual ofertado

LOTE	TIPO VEHICULO	UNIDADES	CENTRO XESTOR	ORZAMENTO UNITARIO MENSUAL (sen IVE)
1	Turismo de alta representación (Presidencia)	1	Parque Móbil	1.091,72€
			IVE (21%)	229,26€
			TOTAL	1.320,98€

2. Quilometraxe ofertada para os vehículos

O número máximo de quilómetros cos que contará o vehículo ofertado no momento da subministración é de **200** quilómetros.

3. Redución no prazo de entrega do vehículo ofertado

O vehículo ofertado subministrarse nun prazo máximo de **1** día desde a notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

4. Incremento na potencia dos vehículos ofertados

Ofertase un incremento na potencia mínima esixida para o vehículo ofertado de:

10 cv	20cv	30cv



Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e vinte e tres minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

